

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A UTILIZACIÓN DAS INSTITUCIÓNS SANITARIAS NA DOCENCIA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA BIOMÉDICA.

REUNIDOS

Dunha parte, **don Julio Garcia Comesaña**, Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia; así como co que dispón o Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, **don Manuel J. Reigosa Roger**, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo (CIF Q8650002B), nomeado segundo o Decreto 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 117, do 20 de xuño de 2022, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019. Con enderezo en Edificio Exeria, campus universitario, 36310 Vigo.

Ambas as dúas partes recoñécense capacidade legal para subscribir o presente convenio , e para isto,

EXPOÑEN

Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos a el, así como o desenvolvemento dos programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Segundo. Que a Universidade de Vigo é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior.

Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade de docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudantado e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

Terceiro. Que a citada Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, no seu artigo 9.1, estrutura as ensinanzas universitarias oficiais en tres ciclos: Grao, Máster Universitario e Doutorado.

Por outra banda, o Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade, dispón no seu artigo 16.1 que as ensinanzas de máster universitario teñen como obxectivo a formación avanzada, de carácter especializado tematicamente ou multidisciplinar nos saberes científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, dirixida á especialización académica e á profesional, ou ben á aprendizaxe nas actividades investigadoras.

O artigo 17 do citado real decreto, prevé que os plans de estudos para obter un título de máster universitario contarán con 60, 90 ou 120 créditos do Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos (ECTS), distribuídos en materias e disciplinas obrigatorias e optativas, o Traballo Fin de Máster, as prácticas académicas externas se as houber (que non poderán superar un terzo da carga crediticia total que conforma o plan de estudos), e outras actividades académicas, e que o Traballo Fin de Máster é requisito imprescindible para obter o título oficial e deberá defenderse nun acto público, seguindo a normativa que a tal efecto dispoña o centro ou no seu caso a universidade.

O Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios, establece dúas modalidades de prácticas externas: as curriculares (que se configuran como actividades académicas integrantes do plan de estudos de que se trate) e as extracurriculares (aquelas que o estudiantado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, aínda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos).

O artigo 7 do dito real decreto prevé que para a realización de prácticas externas *"as universidades ou, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas a elas vinculadas, subscribirán Convenios de Cooperación Educativa coas entidades colaboradoras, entre as que se inclúen as empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional"*. En dito artigo regúlase o contido de ditos convenios.

Cuarto. Que con data 4 de marzo de 2021, o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo asinaron un acordo de colaboración para a utilización das institucións sanitarias na docencia do grao universitario en enxeñaría biomédica, cunha vixencia inicial de catro anos, con posibilidade de prórroga expresa.

Dito convenio ten por obxecto mellorar a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde co obxectivo de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do grao de Enxeñaría Biomédica que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten a ensinanza práctica para as disciplinas integradas no campo enxeñaría biomédica e a necesidade de que aquela se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario.



Por tal motivo buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran, a mellor preparación dos futuros/as profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias a favor do benestar social no campo da saúde.

A colaboración estará orientada á formación do alumnado nas materias "Estrutura e patoloxía médica", "Estrutura e patoloxía médico-cirúrxica", "Enxeñaría clínica e hospitalaria", "Fundamentos de tecnoloxía hospitalaria", "Prácticas de tecnoloxía hospitalaria". Esta colaboración estenderase aos "Traballos de Fin de Grao" que se realicen total ou parcialmente en colaboración co persoal da Área Sanitaria de Vigo e/ou nas súas instalacións.

Quinto. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde e da Universidade de Vigo contar cunha formación avanzada e integral de alto nivel, a través de estudos de máster, que dean continuidade os do grao en Enxeñaría Biomédica desenvolvidos pola Escola de Enxeñaría Industrial, en tanto que, ambas as dúas partes, teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.

Sexto. Que a Consellería de Sanidade, o seu organismo autónomo o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo veñen colaborando no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde dende tempo e, en particular no ámbito da Enxeñaría Biomédica, dende o comezo dos estudos do grao en Enxeñaría Biomédica na Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Sétimo. Que o taller de persoas expertas sobre enxeñaría biomédica que se celebrou no Parlamento Europeo o 27 de marzo de 2012 definiuna nos seguintes termos: *"A enxeñaría biomédica é unha ciencia interdisciplinaria baseada na medicina, na bioloxía e na enxeñaría. É fundamental para unha variedade de tecnoloxías sumamente innovadoras e de produtos ou procesos do sector da asistencia sanitaria. A enxeñaría biomédica debería entenderse como unha disciplina independente para utilizar mellor os recursos e aproveitar plenamente as oportunidades correspondentes. Polo tanto, é importante que a Unión Europea recoñeza todo o potencial da enxeñaría biomédica e promova, en consecuencia, a investigación colaborativa neste ámbito"*.

Durante as últimas décadas, o impacto da Enxeñaría Biomédica foi medrando paulatinamente, sendo hoxe unha profesión moi relevante para calquera sociedade moderna. Así o recoñeceu a Unión Europea, que no Diario Oficial da Unión Europea (4 de setembro de 2015) recolle o Ditame do Comité Económico e Social Europeo sobre o tema *"Promoción do mercado único europeo combinando a enxeñaría biomédica e o sector dos servizos sanitarios"*. Este extenso documento afirma claramente que *"A enxeñaría biomédica non é simplemente unha sección da medicina moderna"*. Así mesmo, indícase que *"o sector da enxeñaría biomédica será cada vez máis importante debido ao desenvolvemento tecnolóxico e ao potencial das novas técnicas para mellorar a atención e a rehabilitación, o que constitúe un importante paso adiante en materia de atención sanitaria e calidade de vida"*.

Oitavo. Que o envellecemento da sociedade, o aumento da gravidade das enfermidades crónicas e o aumento dos custes da asistencia sanitaria estanse a converter en retos mundiais. Dado que a tecnoloxía desempeña un papel clave no



sector dos servizos de sanidade e asistencia, as actividades de investigación, innovación e desenvolvemento en enxeñaría biomédica, xunto cos servizos médicos e asistenciais, son desafíos importantes na sociedade actual.

O Comité Económico e Social Europeo no seu ditame do 10 de xullo de 2014 considera que a enxeñaría biomédica nos servizos médicos e sanitarios pode desempeñar un papel importante á hora de facer fronte aos retos da sociedade, como o cambio demográfico, a redución da base imponible e o crecemento da demanda de asistencia sanitaria.

Unha das conclusións do devandito ditame foi que os Estados membros deberán adoptar programas coherentes de asistencia sanitaria a longo prazo, así como plans de acción para desenvolver unha investigación innovadora, novas tecnoloxías e a educación da alta calidade en biomedicina e outros ámbitos pertinentes da enxeñaría.

A este respecto, a Organización Mundial da Saúde reconece que se necesita un maior número de persoas enxeñeiras biomédicas para deseñar, avaliar, regular, manter e xestionar os dispositivos médicos e dar formación sobre o seu uso seguro nos sistemas sanitarios de todo o mundo.

Noveno. Que na reunión da comisión Mixta da Universidade de Vigo – Sergas celebrada o día 12 de xullo de 2023, acordouse no punto segundo da orde do día, ao amparo da especificación quinta 9. g) do Convenio entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, publicado por Orde do 20 de decembro de 2001 (DOG núm. 251, do 31 de decembro de 2001), a tramitación dun Acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica, como un instrumento xurídico que desenvolva e estenda a colaboración prevista no propio convenio.

Así mesmo, acordouse que para os fins do convenio entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde, e de conformidade coa especificación cuarta do mesmo, considéranse centros asociados de referencia os pertencentes a Área Sanitaria de Vigo.

Décimo. Que ambas as dúas institucións reiteran a súa vontade e compromiso coa sociedade á que serven, poñendo a disposición desta o importante potencial de recursos humanos, culturais, docentes e de investigación que posúen e a súa vontade de cooperar de forma conxunta.

Que tanto o Servizo Galego de Saúde como a Universidade de Vigo consideran que a adecuada formación do estudiantado no máster de Enxeñaría Biomédica require dunha aprendizaxe teórico-práctica que permita adquirir un acercamento aos problemas reais das distintas actividades propias desta disciplina e unha adecuada capacitación para resolvelos.

A necesidade de formación práctica, común a todas as especialidades da universidade, é fundamental especialmente na Enxeñaría Biomédica polas significativas repercusións que ten na saúde e benestar da poboación.



Décimo primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde manifesta a súa vontade expresa para contribuír a reforzar e impulsar o desenvolvemento das ensinanzas teórico-prácticas do máster de Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, pretendendo dar cobertura a uns estudos de interese público, social e sanitario que debido á súa especificidade técnica e á necesidade de garantir unha docencia de calidade de xeito inmediato que resolva ás necesidades do alumnado que cursa esta formación universitaria, fan imposible promover neste caso a concorrència pública.

Que a Universidade de Vigo cumpre os requisitos que exige o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

Que a Universidade de Vigo comprométese ademais a cumprir as obrigas especificadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como calquera outra obriga que a normativa vixente en materia de subvencións exixa ás persoas beneficiarias destas.

Polo anteriormente exposto, ambas as dúas partes acordan subscribir este convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

1. Constitúe o obxecto do presente convenio regular a colaboración entre a Universidade de Vigo e o Servizo Galego de Saúde co fin de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do "*Máster en Enxeñaría Biomédica*" que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, e que da continuidade ao estudos de grao en Enxeñaría Biomédica, actualmente cubertos polo convenio asinado entre as partes con data 4 de marzo de 2021.

Ambas as dúas partes son conscientes da importancia que ten a ensinanza práctica para as disciplinas integradas no campo da enxeñaría biomédica e a necesidade de que aquela se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por tal motivo buscan garantir o nivel práctico da docencia nos estudos que a integran, a mellor preparación dos futuros/as profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias a favor do benestar social no campo da saúde.

2. A colaboración estará orientada á formación do alumnado naqueles contidos ou actividades que, pola súa especificidade, a Comisión Académica do Máster considere recomendable se imparta ou desenvolva por persoal do Hospital Público Álvaro Cunqueiro de Vigo, como hospital asociado de conformidade co previsto na base quinta do artigo 4 do Real Decreto 1558/1986, de 28 de xuño, polo que se establecen as bases xerais do réxime de concertos entre as Universidades e as Institucións sanitarias, na súa redacción dada pola Disposición derradeira primeira do Real decreto 822/2021, do 28 de setembro. Esta colaboración estenderase ás Prácticas e



aos “Traballos de Fin de Máster” que se realicen total ou parcialmente en colaboración coa aquelas institucións que forma parte do Servizo Galego de Saúde.

3. Co fin de garantir o correcto desenvolvemento da docencia e, polo tanto, acadar os mellores resultados de aprendizaxe do estudantado, tanto no grao como no máster, crearase/promoverase a figura de Coordinador do Ámbito na Enxeñaría Biomédica, cargo que estará desempeñado por unha figura docente estable e con vinculación ao Hospital Álvaro Cunqueiro-UVigo. No Anexo I recóllese o perfil que debe cumprir esta figura.

Segunda. *Compromisos do Servizo Galego de Saúde*

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- a) Establecer os servizos hospitalarios no que se levará a cabo a formación.
- b) Facilitar a actividade do persoal docente de ensinanzas teóricas-prácticas necesarias para o desenvolvemento do máster en Enxeñaría Biomédica naqueles contidos actividades que se acorden por ambas partes de acordo co establecido pola Comisión Académica do Máster (CAM).
- c) Contribuír á cobertura dos custos que derivan da creación e mantemento da figura de Coordinador do Ámbito na Enxeñaría Biomédica para o desenvolvemento das actividades formativas mediante a achega dunha cantidade anual segundo se recolle neste convenio.
- d) Procurar a coordinación harmónica entre a planificación asistencial e a planificación docente da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo.

Xa que é obxectivo garantir a axeitada formación do estudantado, axustarase a súa distribución en cada servizo dependente da Área Sanitaria de Vigo aos seus recursos docentes e asistenciais.

Terceira. *Compromisos da Universidade de Vigo*

A Universidade de Vigo asume os seguintes compromisos:

- a) Realizar as funcións de supervisión e control do desenvolvemento do programa formativo do máster en Enxeñaría Biomédica, de acordo co Servizo Galego de Saúde.
- b) Destinar os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde á creación e mantemento da figura de Coordinador do Ámbito na Enxeñaría Biomédica para o desenvolvemento das actividades formativas do máster.
- c) Por a disposición do alumnado en formación os recursos que se precisen da Universidade.
- d) Planificar o cadro de persoal docente que imparte docencia teórica-práctica no máster de Enxeñaría Biomédica,
- e) Establecer os procedementos de selección e provisión, cando proceda, do persoal docente no máster, contando coa participación e asistencia do Servizo Galego de Saúde.

Así mesmo, consonte co que establecen os artigos 40.1, g) e h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de



subvencións de Galicia, son obrigas da Universidade de Vigo, en tanto que beneficiaria:

- a) A do reintegro, total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión,
- b) Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas función de fiscalización e control do destino da subvención.

Cuarta. Cuestións comúns

- 1. As competencias en materia de situacións administrativas, réxime disciplinario e incompatibilidades do persoal docente axustaranse ao que dispón a normativa de aplicación.
- 2. Así mesmo, o estudantado do máster en Enxeñaría Biomédica da Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo deberá someterse ás regras de funcionamento, código ético e disciplina tanto da Área Sanitaria de Vigo como da Universidade de Vigo.

Quinta. Compensación económica.

- 1. A Universidade de Vigo é a beneficiaria da subvención, para así garantir o desenvolvemento do programa formativo do máster en Enxeñaría Biomédica.

- 2. O Servizo Galego de Saúde comprométese a participar no financiamento do obxecto do convenio coa achega de setenta e cinco mil cento trinta e catro euros con 60 céntimos de euro (75.134,60) repartidos en 4 anualidades segundo a seguinte distribución:

Exercicio 2024: 18.783,65€

Exercicio 2025: 18.783,65€

Exercicio 2026: 18.783,65€

Exercicio 2027: 18.783,65€

Financiaranse con cargo á partida orzamentaria dos orzamentos xerais da comunidade autónoma (aplicación 3601/412A/444.0), todo elo condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás ditas anualidades.

O devandito importe actualizarase, mediante a subscripción da correspondente addenda, de conformidade co disposto nas sucesivas leis de orzamentos, en función dos incrementos.

- 3. A xustificación dos gastos e o seu pagamento, así como do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención; consistirá na certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida no senso do disposto no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



Toda a documentación de xustificación deberá de achegarse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, á Xerencia do Servizo Galego de Saúde.

De acordo co establecido no artigo 62 e 65.4 o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación co artigo 53 da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificadas os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio para cada exercicio, por parte da beneficiaria.

A data límite de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% de cada ano é o 16 de decembro de cada exercicio orzamentario.

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Vicexerencia do Servizo Galego de Saúde.

Consonte ao disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, relativo á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas coa Administración pública da comunidade autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social, *"a obriga de presentar a certificación prevista no artigo anterior poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma nos seguintes casos: e) as subvencións outorgadas a favor das Universidades"*.

4. A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sexta. Comisión Mixta de seguimento

1. Sen prexuízo das competencias atribuídas á comisión mixta prevista na Orde do 20 de decembro de 2001, para o seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta, coa seguinte composición:

a) Por parte da Universidade de Vigo:

O/A reitor/a da universidade, ou persoa en quen delegue.
O/A director/a da Escola de Enxeñaría Industrial.
O/A coordinador académico do máster.

b) Por parte do Servizo Galego de Saúde:



O/A presidente/a do Servizo Galego de Saúde, ou persoa en quen delegue.
O/A xerente da Área Sanitaria de Vigo.
O/A coordinador/a no ámbito da Enxeñaría Biomédica na Área Sanitaria de Vigo.

Se por razón da modificación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde se alterase a actual, a composición da Comisión Mixta adaptarase correlativamente á nova estrutura orgánica, en función dos cargos equivalentes que se creen.

Cada persoa membro, salvo o/a reitor/a e o/a presidente/a do Servizo Galego de Saúde, terá as súas respectivas persoas suplentes, que serán designadas pola máxima autoridade de cada unha das administracións representadas e debidamente notificadas á Comisión Mixta.

2. Exercerán de forma rotatoria as funcións da presidencia desta Comisión Mixta as persoas titulares da presidencia do Servizo Galego de Saúde e da Reitoría da Universidade de Vigo. A rotación da presidencia producirase por cursos académicos, correspondendo o primeiro ano á persoa titular da presidencia do Servizo Galego de Saúde.

3. Son funcións desta Comisión Mixta de Seguimento:

a) Velar polo cumprimento do convenio, de acordo coa lexislación estatal e autonómica en materia de universidades, a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade e os estatutos da Universidade de Vigo, así como a estrutura funcional das institucións sanitarias da Área Sanitaria de Vigo.

b) Establecer fórmulas de coordinación entre as actividades asistenciais e docentes, coordinar a organización das actividades formativas obxecto deste acordo, respectando as competencias da universidade e das institucións sanitarias na planificación e organización dos seus servizos e unidades, e a prestación do servizo de asistencia sanitaria.

c) Sen prexuízo das competencias atribuídas legal e regulamentariamente aos órganos respectivos, a Comisión Mixta poderá elaborar informes e estudos.

d) Elaborar informes sobre o número de alumnos/as que teñan que acceder ao grao/máster en Enxeñaría Biomédica impartida pola Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo, en función das necesidades de Galicia no sector, sen prexuízo da competencia de proposta da Universidade de Vigo á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

e) Propoñer a implantación daquelas innovacións no campo da Enxeñaría Biomédica que exijan esforzos conxuntos de ambas as dúas institucións.

f) Establecer as bases da coordinación entre as administracións implicadas para a consecución, disposición e utilización de fondos bibliográficos de materias relacionadas coa enxeñaría biomédica ou de ámbito biosanitario, co fin de satisfacer as necesidades das persoas profesionais docentes.



g) Impulsar e favorecer a participación das entidades/empresas colaboradoras co Sergas naquelas actividades formativas que se consideren de interese para os estudos do máster (p.e. prácticas, titorización de TFM,..)

h) Propoñer, ás autoridades que competan, as modificacións deste acordo que se estimen convenientes.

i) Interpretar o presente acordo, sen que en ningún caso poida introducir modificacións.

4. A Comisión reunirase cando menos unha vez en cada curso académico, adoptará os acordos por unanimidade e levantará acta do contido de cada unha das reunións. De forma supletoria aplicarase o disposto, respecto dos órganos colexiados, na normativa que os regula os órganos na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ademais das reunións ordinarias debe regularse a posibilidade de solicitar de xeito motivado da presidencia a convocatoria da comisión para tratar algunha cuestión de interese común con carácter extraordinario, a petición de todas as persoas membros dunha das dúas institucións.

Sétima. Vixencia.

Este convenio terá efectos dende o día un de xaneiro de 2024 e manterá a súa vixencia durante catro anos. Ambas as dúas partes poderán acordar a súa prórroga mediante acordo escrito, de conformidade co que dispón a letra h) do artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Oitava. Causas de resolución

Serán causas de resolución o mutuo acordo entre as partes, a desaparición da oferta da titulación, o incumprimento, total ou parcial dalgunha das súas cláusulas, ou a denuncia expresa por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de tres meses á data de fin de vixencia.

Novena. Natureza do convenio

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa. As dúbidas que se poidan formular sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión Mixta. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime do financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décima. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A firma deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida



facen públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro.

O Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios, e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, os representantes das entidades asinan o presente convenio en dous exemplares orixinais igualmente válidos e estampan neles as súas respectivas firmas no lugar e na data mencionadas.

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Universidade de Vigo

Julio García Comesaña

Manuel J. Reigosa Roger



ANEXO

Perfil e custe total máximo do Coordinador/a do Ámbito na Enxeñaría Biomédica para o desenvolvemento das actividades formativas necesario para a impartición do Máster en Enxeñaría Biomédica para cada curso académico.

O perfil correspondente (da figura) para desenvolver as tarefas de coordinación será o de un/unha docente que forme parte do cadro de profesorado no ámbito da Enxeñaría Biomédica.

Vinculación estable/permanente dentro do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Categoría de Profesor Titular Vinculado.

O importe da subvención estaría destinado a:

- a) Asumir o custo polo desempeño desta figura, tendo en conta que tamén se cubrirá o custo das actividades docentes que teña asignadas como profesor dentro do ámbito dos estudos de Enxeñaría Biomédica.
- b) Promover a oferta de prazas para a incorporación de estudantes en prácticas e a realización de TFM nos centros asociados pertencentes a Área Sanitaria de Vigo.

Para cubrir os custos derivados das coordinación polo desenvolvemento das actividades formativas dentro das instalación dos centros pertencentes a Área Sanitaria de Vigo, así como a oferta de prazas para a incorporación de estudantes en prácticas e a realización de TFM, establécese una asignación a longo do período de vixencia do mesmo segundo o recollido na seguinte táboa:

Ano	Custo total (*)	Custo para UVIGO	Custo para o SERGAS
2024	37.567,29	18.783,65	18.783,65
2025	37.567,29	18.783,65	18.783,65
2026	37.567,29	18.783,65	18.783,65
2027	37.567,29	18.783,65	18.783,65

(*) Tómase como custe anual de referencia o dun contrato de profesor titular de universidade. Non se teñen en conta os trienios, quinquenios e sexenios. Inclúe as pagas extras.

(**) As cantidades indicadas actualizaranse anualmente en función das modificacións salariais que se produzan.

(***) Para promover a oferta de prácticas e realización de TFM establece una dotación equivalente ó salario mínimo interprofesional.

